



DICTAME DA COMISIÓN ASESORA DO PATRIMONIO HISTÓRICO DE DATA 6 DE NOVEMBRO DE 2018

ESPAZOS PUBLICOS

Ámbito PE-1

- **Regulación da exhibición ao exterior de prezos e servizos das cafeterías e restaurantes na Cidade Histórica (LIC12I401).**

Expón a intervención o arquitecto municipal don Javier García Castelo.

A Comisión informa favorablemente, por unanimidade dos presentes, de conformidade co informe técnico municipal de 31 de outubro que recolle a opinión da Ponencia técnica, e propón a aprobación da seguinte ***PROPOSTA PARA A REGULACIÓN DA EXHIBICIÓN CARA AO EXTERIOR DOS ESTABLECEMENTOS DA INFORMACIÓN RELATIVA A PREZOS E SERVIZOS FACILITADOS POLAS CAFETERÍAS E RESTAURANTES SITUADOS NO ÁMBITO DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA***, cos trámites legais e regulamentariamente esixibles:

A fin de facer compatible o cumprimento do artigo 27 do “Decreto 108/2006, de 15 de xuño” da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia coa normativa municipal de protección do plan especial PE-1, considérase que a exhibición cara ao exterior dos establecementos da información relativa a prezos e servizos facilitados polas cafeterías e restaurantes situados no ámbito do “Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1)”, deberá axustarse ás seguintes condicións:

- 1) No caso de que o local de cafetería ou restaurante dispoña dun oco de ventá ou escaparate na fachada á vía pública, os elementos destinados a publicidade dos servizos e prezos cara ao exterior deberán dispoñerse obrigatoriamente por detrás do vidro do mencionado oco, para ser visible dende a vía pública.
- 2) En caso contrario, poderase admitir a colocación da mencionada información no exterior do local por medio de elementos acaroados á fachada, (situados nunha das beiras da porta de acceso ao local) e que deberán ter carácter

removible (sendo colocados no momento da apertura do local e retirados á hora de peche).

- 3) O elementos a empregar para a publicidade poderán responder aos seguintes tipos:
 1. Vitrina de madeira e cristal, con deseño sobrio e discreto.
 2. Placa de dúas placas de metacrilato transparente coa información no interior.
- 4) As dimensións máximas dos elementos de fachada corresponderanse coas medidas DIN **A4** (210 x 297 mm) ou DIN **A3** (297 x 420 mm) debendo escollerse a mínima imprescindible para a súa función.
- 5) A colocación ou situación dos elementos na fachada deberá adaptarse en cada caso ás características particulares do local, respectando a composición e elementos singulares ou protexidos do exterior do edificio.
- 6) Os elementos de publicidade dos servizos e prezos das cafeterías e restaurantes no exterior da fachada non poderán ter iluminación.
- 7) A información que poderá ser obxecto de exhibición limitarase á relación de servizos e prezos do establecemento, e non será autorizable en ningún caso a inclusión de fotografías ou imaxes dos produtos ofertados.
- 8) En todo caso a solución que se adopte deberá respectar a paleta cromática do Plan Especial P.E.-1
- 9) No caso de que a instalación se realice nun edificio declarado Ben de Interese Cultural ou Catalogado nivel 1, deberáse presentar unha proposta diferenciada.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018,

O Presidente,

Asdo. Jorge Duarte Vázquez